


# Intervención Psicoeducativa en alumnado con necesidades específicas de apoyo educativo

Marín Suelves, D. y Fajardo Bravo, I. (Coordinadoras)  
Valencia: Triant humanidades (2018)

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 90



Este libro responde ao traballo dun equipo interdisciplinario formado por docentes e investigadores do ámbito pedagóxico e psicolóxico das distintas etapas do sistema educativo, especialmente da Universitat de València, e outros profesionais que tamén están implicados na intervención con persoas con necesidades específicas de apoio educativo.

Este libro, introducido por un interesante prólogo da catedrática de Didáctica e Organización Escolar da Universidad de Murcia, confórmano 13 capítulos, que se distribúen en dous grandes bloques. No primeiro deles, dous capítulos explican a evolución da atención á diversidade, dende as perspectivas máis segregadoras a aqueles modelos que buscan a inclusión educativa de todo o alumnado nunha aula ordinaria, así como as medidas didácticas e organizativas a implementar, partindo das derivadas dende a propia lexislación. Nos sete capítulos seguintes, combínanse os resultados máis relevantes das investigacións realizadas nos últimos anos nos trastornos e capacidades máis habituais no sistema educativo, coas implicacións que poden afectar ao desenvolvemento integral, así como un amplo abano de respostas educativas que poden ser moi útiles para futuros docentes, estudantes, profesorado, familias e todas aquelas persoas que estean interesadas na intervención nas necesida-

des específicas de apoio educativo. As temáticas abordadas son o trastorno específico da aprendizaxe, déficit de atención con hiperactividade, problemas de conduta, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista, altas capacidades, discapacidade motórica e a diversidade visual e auditiva. No bloque dous, co título de *Para saber máis*, inclúense outras temáticas como os trastornos da linguaxe e as enfermidades crónicas, todas elas cada vez máis presentes no sistema educativo. Todos os capítulos presentan como epílogo actividades prácticas que axudan a quen le a sintetizar e extraer aquela información que lle pode ser interesante.

O libro combina unha abordaxe rigorosa e actualizada da información cunha presentación e discurso accesible e de doada lectura. Aínda que as coordinadoras da obra, Marín Suelves y Fajardo Bravo, falan do alumnado que estuda para o exercicio da docencia como principais destinatarios deste manual, porén nós, como especialistas do ámbito da pedagogía terapéutica, consideramos que pode ser moi útil tamén para todas aquelas persoas que, dende o exercicio da profesión ou dende as familias, traballan no ámbito da atención á diversidade. ■

Ana Isabel Castro Rodríguez  
M<sup>a</sup> Montserrat Castro Rodríguez